

‘It Ain’t Where You’re From, It’s Where You’re At’:

Conferencia Internacional de Estudos de Hip Hop

23-25 Xuño 2016

**Wolfson College e St John’s College, Universidade de
Cambridge**



María Seijo Richart

Crónica da conferencia

A finais de Xuño do presente ano, a antiga e prestixiosa Universidade de Cambridge celebrou a primeira Conferencia Internacional de Hiphop, na que tiveron orgullo de presentar unha ponencia sobre a regueifa galega coma antecesora do rap. Malia o que se poida pensar, os estudos de hip hop son unha disciplina academica cuns vinte anos de antiguidade. Os ponentes representaban campos tan dispares coma a musicoloxía, a linguística, a pedagogía, ou a socioloxía.

Acudiron representantes de todas partes do mundo. De feito, perdín a conta de tódalas nacionalidades que había. Moita xente era de herdanza mestiza (coma min), con pais de culturas diferentes ou fillos e fillas da emigración, demostrando que o mundo de hoxe non ten fronteiras. Lembrando a miña adolescencia, cando moita xente era aínda escéptica de que se usase o galego para a música moderna, foi un pracer descubri-lo rap que se fai en finlandés, en árabe, en wolof ou en creoulo. Ó mesmo tempo, sentín unha grande responsabilidade, non só por se-la representante do hiphop galego, senón do de todo o territorio español.

Cambridge é unha cidade maravillosa, con enormes edificios antigos de pedra e xardíns. O college no que me hospedei parecía o decorado de *Retorno a Brideshead* (a miña habitación tiña ata un piano). O almorzo servíase nun edificio inmenso cun bonito patio interior. Para chegar ata alí, había que cruza-la ponte sobre o río Cam, desde a que se albiscaba ós típicos remeiros.



O mesmo tempo, pasear cedo pola mañá descubría unha comunidade vibrante, na que familias enteiras se desplazaban ó colexio e ó traballo en bicicleta.

As sesións que se celebraron durante os tres días que durou o congreso dividíanse en tres ou catro paneles simultáneos, cada un con dúas ou tres ponencias. Había tantísima escolla, que o problema era a cal dos paneles ir. Quedei moi contenta coas ponencias que asistín, pero quedoume tamén a sensación de ter perdido moitas outras interesantes. Os asistentes aproveitabamos os descansos para coñecernos, intercambiar emails e preguntar por enlaces as nosas respectivas publicacións.

Comecei indo a un panel sobre rap e relixión. ¿Son ámbolos dous incompatibles? Os rapaces dunha igrexa pentecostal de Londres pensan que os seus pantalóns anchos e gustos musicais non lles impiden ser bós cristiáns. Ó contrario, o hip hop e o sagrado son complementarios. O ponente que falou da escea hip hop italiana está dacordo. Os rapeiros senegaleses influenciados pola tradición Sufi pensan que a súa música “ven de Deus”.

De seguido, un panel sobre identidade cultural, centrándose nos casos particulares de Palestina e Uganda. Sentínme especialmente identificada coa ponencia sobre Palestina, na que se falou do uso do rap para promover a identidade nacional. Ó mesmo tempo, os rapeiros palestinos negáanse a ser definidos exclusivamente por vir dun lugar determinado. A ponente reflexionou acerca de se proxectamo-la nosa identidade cultural do mesmo xeito cando estamos na casa que cando vivimos na diáspora.

Pola tarde, a discusión foi sobre rap e xénero. Tendo en conta as continuas acusacións que sofre o hip hop de misoxinia e homofobia, encantoume este panel. Alí descubrín que hai moitas mulleres rapeiras na música electrónica *grime* (Lady Leshurr, Sian Anderson...). O ponente cuestionaba se o sexismo é inherente ó *grime*, ou se deriva das culturas da xente que o practica. A seguinte ponencia falou do traballo de artistas hip hop homosexuais coma Mykki Blanco ou Le1f, que cuestionan as ideas tradicionais de masculinidade no xénero. Finalmente, rapazas gregas que se dedican o streetdance falan das súas experiencias nun mundo tradicionalmente considerado masculino.



Rematamos cunha sesión plenaria. O profesor Murray Forman (de NorthEastern University, Boston) falou das dificultades que está a experimenta-la primeira xeración de artistas hiphop (nacidos nos anos cincuenta). Por un lado, está o desexo de seguir

sendo parte dunha cultura tan vencellada á xuventude e á rebeldía. Polo outro, decatarse de que son persoas maduras, que deben actuar dacordo á súa idade. Falou tamén da necesidade de comezar a preserva-la historia da cultura hip hop no mundo académico, con iniciativas coma a colección gardada na Universidade de Houston ou as escolas de hiphop creadas pola rapeira YoYo (cun interese especial polos dereitos das mulleres).

Pola noite, houbo unha recepción con champagne seguida dunha elegante cea no college. A poeta en residencia Marika Mckennell recitounos un poema hiphop. Despois, festa e baile con dous DJs. Decidín non quedar ó baile, porque quería coida-la voz para o día seguinte.

O día da miña ponencia (24 de xuño) amaneceu sombrío polas devastadoras novas da política inglesa. A tristura e o pesimismo reflexámbanse nas caras dos asistentes. O café da mañá semellaba un velorio. Pero había que seguir.

Decidín continuar co tema das mulleres artistas de hiphop e os seus problemas para establecer a súa independencia e identidade propia na industria. Un dos ponentes descubriunos á cantante jamaico/ canadiana Michie Mee, que insiste en proxecta-la súa identidade dual e mixta no escenario, incluíndo o uso de *patois* nas súas cancións. Tiña moitas preguntas que facer (especialmente porque me criei nunha casa na que se falaban tres idiomas), pero non puiden quedar, xa que a miña ponencia ía a primeira no seguinte panel (e nun edificio diferente).

O sonido dera problemas na Seminar Room (onde eu debía da-la ponencia) o día anterior pero, por sorte, todo funcionou ben. Nembargantes, cando me tocou falar, descubrín que tiña que competir co sonido da cortadora do céspede do xardín. En vez de parar, decidín alza-la voz o máis que puiden. Había momentos nos que estaba practicamente berrando. O final, un dos asistentes veu felicitarme porque non me amilanei e seguíñ adiante.



A todos lles encantaron os clips que usei, especialmente o da regueifa clásica, co inxenio e arte dos regueifeiros de Bergantiños. Fixolles moita gracia cando dixen que a canción dos Resentidos era un clásico e lembrei como, na excursión de fin de curso da E.X.B. a viñemos cantando todo o camiño de Madrid a Coruña. Na ronda de preguntas, agradecéronme que lles amosase un arte que non coñecían. Unha colega da Universidade de Helsinki faloume do seu interese pola improvisación poética europea. Por suposto, planexamos seguir en contacto. Outro asistente preguntou polo uso de poemas icónicos galegos nas letras do rap. Tentei amosarlle un video de Aid que tiña gardado, pero a mala calidade do clip fixo que rematase rapeando “Adios ríos, adios fontes” eu mesma.

O panel cerrouse cun estudo lingüístico sobre o acento do rapeiro 2Pac. Sorprendeume o interesante que o atopei, porque cando estudaba a carreira odiaba a lingüística. O día seguinte, durante a competición de freestyle rap, o ponente (Steve Gilbers, da Universidade de Groningen) demostrou a súa habilidade como rapeiro.

O bó de ter dado a ponencia é que por fin podía relaxarme e desfrutar. Dada a importancia dos obradoiros de rap e regueifa nas escolas, decidín asistir a un panel no que se falou da aplicación do rap á pedagogía, tanto en cursos nas universidades coma en institucións penais. Dúas das ponencias foron moi boas, pero na outra tivemos a unha desas persoas que se sentan na cadeira, miran exclusivamente ó papel e len coma se recitasen a guía telefónica. Déronme ganas de berrar que, ó igual que no rap e na regueifa, o segredo dunha boa ponencia está na actuación.

Varios paneis centráronse no tema do racismo. Quizais influenciados polos acontecementos do día, puxémonos filosóficos á hora do café. Dous asistentes e máis eu (el, nixeriano afincado en Inglaterra, ela, de orixe árabe – xudeu) falamos de que o racismo pode asumir moitas formas, non só depende da cor da pel, e de como é posible experimentar racismo dentro da propia comunidade. Con tristura, conteilles que, nos dezaseis anos que levo en Inglaterra, recibín máis desprezo de españois polo meu acento galego (“comelixo”, me chamaron nunha ocasión) que de ingleses. Na plenaria que seguiu, a profesora Tricia Rose falou das novas direccións a seguir na disciplina de estudos de hiphop, e de como o racismo eran barreiras construídas pola sociedade. Puxémonos os tres a aplaudir e dar hurras.

Comezou a chover a pachuzos de camiño ó aloxamento, obrigándome a mudar de zapatos e calcetíns. Por sorte, parou cando saín a cear, deixándome disfrutar dun agradable paseo polo centro da cidade. O centro de Cambridge provoca a sensación de terse trasladado maxicamente á época da Ilustración, con todos eses edificios antigos e as calellas de pedra.

O derradeiro día, desta vez no St. John College, o ambiente foi máis festivo. Desfrutei da ponencia de Davide Fant, un rapaz italiano moi simpático. Compartira mesa con el e a súa moza (que lle facía de traductora) na cea do college. Antigo rapeiro, falou de como

usaba o hiphop nun proxecto educacional no seu país para rapaces que deixan a escola. Seguiu Joana Da Sylva (Universidade de British Columbia), que falou con entusiasmo de como o hiphop en Senegal (o seu país de orixe) é unha plataforma para o activismo político. No tempo da descolonización, a música dá voz a unha cultura discriminada pola historia oficial (quizais no é moi diferente do caso galego).



Xusto antes do xantar, houbo unha actuación de breakdance e competición de rap con micrófono aberto. Algunha xente bromeaba que as paredes de Cambridge íanse derrubar. Moitos dos asistentes animáronse a cantar e bailar, pero

eu conformeime con grabalo en video (todos coñecemos as nosas limitacións).

Sempre é un inconvinte se-lo último que fala nun congreso, cando a xente está cansa e con ganas de marchar. Nembargantes, as ponencias da tarde foron dúas das mellores. Primeiro, falouse da influencia do jazz e o swing no hiphop da década do 2000. Despois, amosaron-la *performance* de Jay Z nunha galería de arte de Manhattan, interpretando “Picasso Baby” durante seis horas seguidas. O ponente centrouse na fusión do hiphop (“a arte do ghetto”) no espazo de arte elitista da galería. Ó final, compartín a miña reflexión de que, no seu tempo, Picasso era un artista tan transgresor coma os modernos rapeiros. Pensei se a comercialización do seu arte hoxe en día implicaba que esteamos máis interesados en ter un cadro asinado por Picasso que no contido do cadro. Despois de todo, Jay Z canta: “I want a Picasso in mi casa”.

Tempo para a plenaria e reflexións finais. Felicitacións para os organizadores, pero tamén queixas polo alto prezo das taxas, que impediu asistir a moita xente interesada no tema. Unha das ponentes preguntouse se, malia falar de cultura popular na universidade,

aquilo era un signo de elitismo. Os organizadores respostaron que era coma un círculo vicioso, entre o desexo de traer a xente de todas partes e a necesidade de cartos para poder facelo. Suxeriuse que a solución era organizar moitos máis eventos coma éste, para atraer interese cara a disciplina e poder abaratar os prezos. A sesión remata cun saúdo a comunidade internacional de investigadores alí reunida (os “xoves rebeldes que tomamos Cambridge” por tres días).

O horario intenso do congreso impedírame facer turismo. Coma aínda faltaba hora e media para que saise o meu tren e locía o sol, decidín ir paseando ata a estación para ver a cidade. Cinco minutos despois de que chegase e me puxese baixo teito, comezou a tronar e unha inmensa treboada acompañada de saraiba sorprendeunos a todos. Non puider cre-la miña sorte. Dous asistentes que chegaron un pouco máis tarde estaban mollados coma pitos (ata lles saían burbullas dos zapatos).

Esta foi unha das mellores conferencias que asistín na miña vida. Sei que moitos dos ponentes pensan igual. Encantoume o ambiente multicultural e explora-lo potencial do hiphop para dar voz os que normalmente non a teñen. Nembargantes, o que máis me gustou foi o comentario de Miranda Crowds, unha colega da Universidade de Hannover. Cando dixen que o movemento bravú fora a miña adolescencia, ela respondeu que lle encantou como incluín a miña experiencia persoal e a fixen relevante ó tema.

A cultura galega é relevante, en Cambridge e no mundo enteiro.

*As fotos incluídas son miñas.